
PROXECTO LECTOR

- IES DE ORTIGUEIRA -

Datos do centro	
-----------------	--

Código	Denominación
15020544	IES de Ortigueira

Enderezo		C.P.
Avenida da Constitución s/n		15330
Localidade	Concello	Provincia
Ortigueira	Ortigueira	A Coruña
Teléfono	Correo electrónico	
881930407	ies.ortigueira@edu.xunta.gal	
Páxina web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/iesortigueira/		



Índice

Introdución	2
Análise da situación da competencia lingüística do centro	3
Obxectivos xerais	4
Metodoloxía	6
Organización e coordinación do proxecto	9
Situación actual da biblioteca	10
Funcións e usos da biblioteca	11
Avaliación do proxecto lector	12
Guía para elaborar o Plan Anual de Lectura	13



1. Introducción

A comunidade educativa do IES de Ortigueira considera a **lectura** como unha actividade **fundamental** no **proceso educativo**, xa que é o instrumento no que se apoian as demais aprendizaxes, alén de favorecer a formación integral do alumnado. Polo tanto, a **creación do hábito lector e fomentar o pracer por ler** entre o noso alumnado debe ser a finalidade deste Proxecto Lector.

O Decreto 86/2015 define e regula o **Proxecto Lector de Centro** no seu **Artigo 38 sobre bibliotecas escolares e lectura:**

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (**proxecto lector** de centro) no que **integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura**, da **escritura** e das habilidades no uso, no **tratamento e na produción da información**, en apoio da **adquisición das competencias clave**.
2. Este programa de centro será o **referente** para a elaboración dos **plans anuais de lectura** que se incluírán na programación xeral anual.
3. Os centros docentes disporán dunha **biblioteca escolar**. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro. A biblioteca ten como obxectivos ser un **centro de recursos e oportunidades** para a **lectura**, a **aprendizaxe** e a **información**; un **punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias** que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que **estimule os intercambios culturais** no centro docente.
4. Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de **promoción da lectura**, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Procurarase a **adecuada coordinación**, de ser o caso, co **proxecto de educación dixital** do centro, de xeito que se reforce a **adquisición das competencias para uso, tratamento e**



producción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

Pretendemos, polo tanto, que o Proxecto Lector sexa un **documento dinámico e operativo** que recolla pautas para orientar a práctica da nosa comunidade educativa no tocante á lectura.

2. Análise da situación da competencia lingüística do centro

Pódese indicar que, en xeral, hai un **escaso hábito lector** entre unha gran parte do alumnado, o que leva a unha falta de comprensión de textos escritos. Esta situación **agrávase** en determinadas materias cando se teñen que enfrontar a **textos específicos** con terminoloxía concreta. Malia que isto é máis evidente nos primeiros cursos da ESO, tamén se aprecian dificultades nos últimos cursos desta etapa educativa e mesmo no Bacharelato, o que require moitas veces unha explicación minuciosa do texto por parte do profesorado. Alén diso, o alumnado afirma sentirse máis **interesado** pola **oferta audiovisual** (emprego de móbil, redes sociais, visualización de series, películas...).

No tocante á **expresión oral**, o alumnado adoita ter **problemas** cando se precisa que se exprese de **maneira** máis **formal** ou cando se lle pide que argumente a súa opinión sobre algún tema. A **ortografía** tamén é un aspecto que se **debe traballar** en todos os cursos, e que se viu empeorada nos últimos anos polo emprego das redes sociais (falta de signos ortográficos, mala acentuación e puntuación, uso excesivo de abreviaturas, emprego de signos non lingüísticos como @...).



3. Obxectivos xerais

A continuación preséntanse os obxectivos que pretende acadar este Proxecto Lector:

- Fomentar o **hábito lector** e o **gusto pola lectura** mediante a integración das actuacións dos diferentes departamentos didácticos e da Biblioteca do centro.
- Desenvolver a **competencia lectora** e a **literaria** como base para acadar o resto de competencias clave.
- Mellorar a **competencia lingüística** e traballar as destrezas das diferentes linguas, propias e estranxeiras.
- Favorecer a **competencia dixital** mediante o **uso crítico da información** e o manexo e **xestión dos dispositivos electrónicos** de lectura como o libro electrónico ou o emprego de bibliotecas dixitais.
- Introducir ao alumnado na **lectura dixital**.
- Fomentar unha **lectura variada**, abordando diferentes xéneros e aproximacións.
- Conseguir que o **alumnado lea** en varias **linguas**, propoñendo actividades desde todos os Departamentos.



- **Visibilizar todas as linguas** empregadas no centro: galego, castelán, inglés, francés, portugués, latín e grego.
- Ensinar e **amosar o pracer da lectura** ao alumnado, para que non asocie a lectura cunha tarefa escolar.
- Desenvolver a capacidade do alumnado para a **produción de textos** en diferentes formatos.
- **Actualizar e reorganizar** a biblioteca e **catalogar** todos os **recursos** dispoñíbeis nela.
- Potenciar o **uso** da **biblioteca** como centro de recursos para a aprendizaxe de todos os membros da comunidade educativa.
- Atender as **peticións do alumnado**, coa supervisión do profesorado, para a adquisición de fondos.
- Achegar ao alumnado á **prensa escrita ou dixital**.
- **Implicar ás familias** no proceso de **adquisición de competencias lingüísticas** do alumnado.
- **Involucrar a todos os Departamentos**, incluídos os non lingüísticos, neste proxecto lector.
- **Avaliar** a posta en práctica do propio **proxecto lector**.



4. Metodoloxía

Unha vez establecidos os obxectivos xerais, propóñense unha **serie de pautas** para acadalos desde os diferentes Departamentos didácticos en colaboración coa biblioteca escolar:

- Ensinar **estratexias lectoras** como a elaboración de esquemas e resumos, de glosarios de termos propios de cada materia, selección de ideas principais, dedución de termos a partir do contido xeral dun texto...
- Incidir na importancia dos **diferentes tipos de lectura** (lectura previa, lectura en profundidade, lectura en voz alta, lectura analítica, lectura crítica...) e da súa utilidade para a vida diaria.
- Facer **lecturas en voz alta** nas clases, especialmente con aqueles alumnos que máis dificultades de comprensión teñen.
- **Corrixir ao alumnado** o uso de determinadas **expresións de carácter coloquial** nas súas respostas, redaccións, traballos...
- Empregar na aula **textos diferentes** ao libro de texto como pode ser a prensa escrita, instrucións de montaxe, mapas, receitas de cociña...
- Nas materias nas que sexa posible, intentar combinar as clases tradicionais con **actividades máis lúdicas** como declamación de textos, adiviñas, xogos lingüísticos...



- **Inculcar** o uso do **dicionario**, dixital ou impreso, como ferramenta básica para o enriquecemento do propio léxico e para a consulta de dúbidas ortográficas e gramaticais.
- Fomentar unha **caligrafía coidada** e unhas pautas de presentación baseadas na orde e na limpeza.
- Darlle importancia á **correcta ortografía e gramática**. Débese procurar que non sexa unha preocupación exclusiva dos departamentos e materias lingüísticas, senón de carácter multidisciplinario.
- **Incluír** as **TIC** ao proceso de ensinanza-aprendizaxe empregando na aula páxinas web, blogues, wikis, obradoiros dixitais...
- **Formar** ao alumnado nos diferentes **recursos dixitais**.
- Realizar actividades na aula que impliquen a **lectura** e/ou a **consulta** de **material** dispoñíbel na **biblioteca** escolar.
- **Recomendar libros** ao alumnado axeitados á súa idade e intereses, alén dos libros de lectura obrigatorios das diferentes materias.
- Fomentar un código de **boas prácticas** en relación á **lectura**: lecturas non sexistas, que non inciten á violencia, inclusivas, en diferentes linguas...



- Ofertar **itinerarios lectores atractivos** como a posibilidade de ler algún libro para subir nota nalgunha materia.
- Formular **proxectos de lectura conxunta**.
- Organizar diferentes **actividades**, obradoiros, coloquios... desde a **biblioteca**.
- Creación dun **clube de lectura** que atenda a intereses do alumnado.
- **Renovación e actualización** do material dispoñíbel na biblioteca, atendendo ás novidades literarias.
- Realizar **encontros con narradores e escritores** na propia biblioteca.
- Coordinar aos **Departamentos lingüísticos dende a Biblioteca** para fomentar os hábitos de lectura e as actividades que fomenten o achegamento do alumnado e o profesorado á lectura e a escritura.
- Traballar de **maneira coordinada coa Biblioteca Municipal Juan Fernández Latorre** e coa **Biblioteca Municipal do Barqueiro**.
- **Implicar ás familias** dándolles a coñecer e Proxecto e pedindo a súa colaboración para que o alumnado empece a crear unha biblioteca persoal, teña hábito lector en horas de ocio e periodos vacacionais, empregue os servizos da biblioteca pública...



5. Organización e coordinación do proxecto

- **Deseñarse un Plan Anual de Lectura** onde aparezan recollidas as actuacións dos diferentes Departamentos e da biblioteca para o desenvolvemento do Proxecto Lector durante o curso.
- Á hora de establecer os libros que lerá o alumnado durante o curso, o **profesorado** de cada grupo poranse de **acordo** e intercambiarán información sobre estas lecturas, a fin de **evitar posibles solapamentos** e a fin de **dosificar** adecuadamente ditas **lecturas**. As lecturas obrigatorias serán incorporadas ó Plan Anual de Lectura.
- En todas as materias deberase empregar algunha das técnicas de **mellora da comprensión lectora** acordadas no Plan Anual de Lectura.
- Procurarase contar cunha **antoloxía de textos específicos** en todas as materias.
- Para facilitarmos o uso da biblioteca polos profesores e os seus grupos, dispórase dun **registro da propia biblioteca** onde o profesorado poderá anotarse.
- A biblioteca, en tanto que factor de compensación social, procurará dispor de **fondos axeitados** para o cumprimento dos obxectivos do Proxecto Lector. Os fondos provirán das achegas que realicen os Departamentos e das adquisicións que leve a cabo a propia Biblioteca.



Proporará, tamén, actividades que contribúan ao desenvolvemento das competencias que se contemplan neste Proxecto.

A persoa **encargada da Biblioteca** terá a misión de **coordinar**, coa colaboración do resto de profesorado, o **Proxecto Lector**. Da súa supervisión encargarase a CCP, que tamén levará a cabo a concreción do seu desenvolvemento no Plano Anual de Lectura. A dirección do centro velará polo seu cumprimento.

O Proxecto Lector e o Plan Anual de Lectura serán **publicados na páxina web** do centro para que a comunidade educativa teña acceso a eles.

6. Situación actual da biblioteca

A biblioteca do IES de Ortigueira localízase na planta baixa do edificio, entre a zona de administración e a sala de profesorado. Conta cunha parede de fiestras, que dá á fachada principal do centro que permite a entrada de luz natural na estancia. Os diferentes materiais (libros, revistas, devedés...) están gardados en armarios de madeira feitos polo alumnado e o profesorado do Ciclo Formativo de Carpintaría e Moble, ofertado no propio centro, e que constitúen un sinal de identidade da nosa biblioteca. No centro da sala hai varias mesas de debuxo e cadeiras onde o alumnado pode estudar, ler e facer traballos. Alén diso, a biblioteca posúe catro ordenadores con acceso a internet á disposición do alumnado.

Actualmente a biblioteca **non conta** cunha **catalogación completa** de todos os recursos documentais que posúe, polo que un dos piares de traballo fundamentais da biblioteca escolar debe ser a **dixitalización** de ditos recursos mediante o programa MEIGA. Alén diso, é preciso unha



actualización das obras de lectura e **reorganizar** os volumes no espazo dispoñíbel de tal maneira que os máis empregados tanto polo alumnado como polo profesorado sexan de fácil acceso. Unha vez acadado isto, deberase pór en marcha un **servizo de préstamo** eficaz mediante o emprego das novas tecnoloxías e coa involucración do alumnado.

Paralelamente a este traballo, débese empregar a biblioteca como espazo de **dinamización cultural e fomento da lectura**, tratando de consagrarse como un dos centros neurálxicos do centro.

7. Funcións e usos da biblioteca

A biblioteca do instituto debe considerarse non só como unha ferramenta educativa, senón tamén como un eixo máis da **oferta lúdica e cultural** de Ortigueira que, en ocasións, a dispersión da poboación no rural ou a situación socioeconómica das familias non facilitan (a biblioteca escolar cumpre unha función de **compensación das desigualdades**). É por iso que os seus fondos deben incluír suficientes volumes de literatura xuvenil, cómics, mangas... que atraian ao alumnado e que estean o debidamente actualizados e renovados.

Por outra banda, a biblioteca escolar ten que ser un instrumento esencial que axude aos nosos alumnos na súa **capacidade crítica**, que lles ensine a informarse debidamente e a forxarse unha opinión sobre calquera tema. Tamén se concibe como unha **primeira experiencia de biblioteca** no tocante ao préstamo de libros e catalogación de fondos. Debe ser un **espazo de lectura, consulta e estudo**, pero tamén de **exposicións de traballos, de debates e coloquios, de relatorios...**



A biblioteca mantense **aberta** durante toda a **xornada escolar** e o acceso é libre para calquera persoa da comunidade educativa. Porén, para os préstamos restrínxese aos recreos, cando hai profesorado de garda.

8. Avaliación do proxecto lector

Propoñemos unha serie de pautas para avaliar o éxito e a aplicación do Proxecto Lector:

- **Grao de lectura do alumnado.** Len máis e mellor, participan activa e voluntariosamente nas actividades de lectura propostas polo profesorado e/ou a biblioteca, coidan máis a ortografía, a gramática, a puntuación e a presentación nos seus escritos.
- **Grao de motivación do alumnado.** Len libros voluntarios a maiores dos propostos en cada materia, fan máis uso da biblioteca escolar.
- **Grao de utilización de espazos de lectura.** O alumnado usa cada vez máis a biblioteca para ler, estudar, facer traballos, procurar libros...
- **Grao de autosuficiencia do alumnado na procura de información.** Coñecen e saben usar unha biblioteca escolar e son críticos na búsqueda de información en Internet.
- **Grao de desenvolvemento dos diferentes Plans anuais de Lectura** de cada materia.
- **Grao de participación** activa na elaboración e desenvolvemento de diferentes **propostas de fomento de lectura** por parte da comunidade educativa.



- **Grao de préstamo** de fondos da biblioteca.
- **Grao de adquisición** de novos **volumes e de catalogación**.

9. Guía para elaborar o Plan Anual de Lectura

Os diferentes **Departamentos** didácticos deben **elaborar** nas súas programacións un **Plan Anual de Lectura** onde inclúan actividades que requira un tempo mínimo de lectura e a inclusión de prácticas de fomento da lectura e da escritura. Ao final de curso deberán presentar unha **memoria** na que especifiquen as actividades realizadas e a avaliación destas. A continuación presentamos unha serie de pautas para o profesorado que poden seguir na elaboración de dito Plan:

1. Obxectivos
2. Organización de espazos e tempos par a lectura
3. Liñas de actuación desde a materia
4. Rutinas de lectura
5. Actividades relacionadas coa lectura e a escritura.
6. Temporalización desas actividades
7. Recursos e materiais
8. Proposta de lecturas e/ou lecturas obrigatorias.
9. Avaliación do Plan Anual de Lectura